



ACTA ÚNICA DA REUNIÓN ORDINARIA DO COMITÉ DE SELECCIÓN PARA A AVALIACIÓN DE SOLICITUDES DE AXUDAS A PROXECTOS DE COOPERACIÓN INTERTERRITORIAIS E TRANSNACIONAIS DOS GALPs PARA A 1ª CONVOCATORIA DE 2017

MEMBROS DO COMITÉ DE SELECCIÓN

PRESENTES

Susana Rodríguez Carballo (Presidenta)	X
Enrique Diego Fernández Pérez (Secretario)	X
Montserrat Castro Vázquez (vocal)	X
Juan Carlos Barreiro González (vocal)	X
Sonia Lorenzo Santos (vocal)	X

Nas dependencias da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, en Santiago de Compostela, sendo o 16 de marzo de 2017 ás 12:00 horas, reúnense en convocatoria única os membros do Comité de selección recollidos como presentes.

Os membros do comité de selección titulares son os recollidos na Resolución da Conselleira do Mar 16 de setembro de 2016 pola que se designan os membros do Comité de selección para a avaliación das solicitudes de axudas a proxectos de cooperación interterritoriais e transnacionais dos GALPs.

Existe o quorum necesario para a válida adopción de acordos.

Actúa como presidenta do comité Susana Rodríguez Carballo e como secretario, con voz e voto, Enrique Diego Fernández Pérez.

Conforme o apartado 4 do artigo 12 da Orde de 6 de abril de 2015 o funcionamento deste comité está sometido ás normas dos órganos colexiados recollidas na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

O motivo deste reunión é o establecido na orde do día:

ORDE DO DÍA:

1. Constitución do Comité de Selección.
2. Recordatorio aos membros do Comité da política antifraude que se está a levar a cabo pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro como Organismo Intermedio de Xestión do Femp.
3. Posibilidade de nomear asesores do Comité.
4. Valoración de solicitudes.
5. Emisión de informe co resultado da selección e proposta de concesión.
6. Rogos e preguntas.
7. Aprobación da acta.

Prioridade 4.0.T8.O.E.4a) e b)

Artigo 63 FEMP. Medida 4.1.3. Proxectos de Cooperación
Actuación cofinanciada polo FEMP nun 85%



DELIBERACIONES:

Con carácter previo á constitución do Comité todos os membros do mesmo asinan declaración responsable de non ter conflito de intereres neste asunto.

Dase conta da politica antifraude no marco do FEMP que a DX de Desenvolvemento Pesqueiro, como Organismo Intermedio de Xestión, está a levar a cabo. Faise entrega dunha copia da Declaración da Dirección Xeral do Desenvolvemento Pesqueiro do 1 de xaneiro de 2017.

Revisase o informe de instrucción no que se constata a viabilidade técnica e económica das dúas solicitudes que poden ser valoradas así como a necesidade de arquivo doutro proxecto por non ser axeita ao requerido na Orde de axudas.

Os dous proxectos propostos polo órgano instrutor superan a nota mínima fixada pola Orde de axudas para poder ser subvencionados.

Revisánse polo miúdo as partidas de cada unha das actividades e por anualidades sen que sexa necesario facer axustes.

Non se precisa fixar lista de reserva por atenderse todas as solicitudes.

Acórdase tamén aprobar a acta ao final da reunión polo que se procede a súa lectura.

ACORDOS ADOPTADOS:

Apróbase por unanimidade a constitución do Comité de Selección.

Apróbase por unanimidade o nomeamento como asesoras, con voz e sen voto á xefa do Servizo de Desenvolvemento das Zonas de Pesca e a técnica de Tragsatec asignada á encomenda de xestión dos GALPs.

Apróbase por unanimidade a aprobación dos criterios de selección das candidaturas así como a valoración das solicitudes tal e como figuran no anexo I desta acta.

Apróbase por unanimidade a proposta de selección das dúas solicitudes polos importes que se recollen no anexo II.

Apróbase por unanimidade esta acta ao remate da reunión, non tendo más que tratar se levanta a sesión, ás 12:50 horas do citado día, de todo o que eu, secretario, certifico, assinando testigo a presidenta.

